

O Clasicismo e o Romanticismo

1- Escolle a obra dun compositor CLÁSICO. Busca información sobre ela e averigua estes datos :

- TÍTULO:
- DATA DA COMPOSICIÓN:
- TIPO DE COMPOSICIÓN. (sonata, sinfonía, concerto, , obra libre para un so instrumento, ópera, ballet ...) e instrumento/ agrupación para a que está escrita.
- COMO É A SÚA ESTRUTURA
- No caso da forma SONATA estrutúrase igual que o concerto barroco en tres partes contrastadas en velocidade: RÁPIDO- LENTO- RÁPIDO.
- **Atención! No Romanticismo este esquema se fai máis flexible** e pode haber cambios ao gusto do compositor@: iniciar lento o primeiro tempo, incluir máis de tres partes,...
- **No caso da representación escénica como a ópera e o ballet**, a música e o argumento se organiza en ACTOS e estes á súa vez, se dividen en ESCENAS. Na ópera, as partes de dificultade técnica e onde se amosan as emocións dos protagonistas, se chaman ARIAS.
- CARACTERÍSTICAS CLÁSICAS DA OBRA
- CIRCUNSTANCIAS / MOTIVOS polos que o compositor a escribe.
- É música **PURA** ou **DESCRITIVA** OU **PROGRAMÁTICA**?



A música pura se considera aquela música que se escribe sen basarse en ningunha historia, argumento, poemas ou imaxes. So se basa nas emocións nas que se inspira o compositor.

A música descritiva ou programática é aquela que ten como soporte un argumento, conto , poema ou imaxes. Principalmente no Romanticismo é moi frecuente.

- Está ADICADA a algunha persoa ou mecenas? É unha obra por encargo?

2- O CONTEXTO HISTÓRICO/ SOCIAL DA SÚA ÉPOCA

Resume nun pequeno párrafo o contexto histórico e social que viviu o compositor e si este se reflicte nesta época.

- Vive acontecementos históricos importantes? En que cidades desenvolve a súa obra? Traballa para mecenas? É comprometido coa sociedade do seu tempo?
- Cales son as súas fontes de ingresos? Ten relación con músicos importantes da súa época?

A música analizada noutros contextos actuais: cine, TV, redes sociais, videoxogos,...

3- BIOGRAFÍA DO COMPOSITOR

Breve biografía onde se describa a súa nacionalidade, ambiente familiar, os seus estudos, obras máis importantes e cales son as máis escoitadas actualmente.

Segue este mesmo esquema para a composición do ROMANTICISMO.

4- CONCLUSIÓNS

Fai unha comparativa entre as dúas obras traballadas e cales son os coñecementos adquiridos ou aprendidos.



Rúbrica de calificación

- 1-Análise da obra (2 puntos)*
- 2-Contexto histórico relacionado coa obra (2 puntos)*
- 3-O compositor (2 puntos)*
- 4-A música clásica versus a música romántica.
A súa presenza na actualidade (2 puntos)*
- 5- Presentación e formato final (2 puntos)*